

R

Xosé Manuel
Beiras

Retratos
en fite

EDICIÓN

laiovento
LAIOVENTO

Narrativa

Xosé Manuel Beiras



Xosé Manuel Beiras (Santiago, 1936) é unha figura clave na Galiza contemporánea, tanto pola súa faceta de economista como catedrático de Estrutura Económica na USC, como pola de político e referente social. É autor de ensaios fundamentais do pensamento económico galego, como *Por unha Galiza liberada* e *O atraso económico da Galiza*. Excelente articulista e orador, é recoñecido como un dos intelectuais con maior lucidez á hora de interpretar o noso mundo. Destacou como activista e membro do Consello Internacional do Foro Social Mundial.

No eido político foi cofundador do PSG e do BNG. Posteriormente liderou o Encontro Irmandiño e estivo á fronte do agromar de Anova–Irmandade Nacionalista en xullo de 2012. Nese mesmo ano Anova promoveu a coalición Alternativa Galega de Esquerda (AGE), da que Beiras foi portavoz parlamentario.

Nota limiar

Foi á volta do pasado verán que me veu un día ás mentes confiarlles aos meus compañeiros de Laiovento -os entrañábeis e decote solidários Suso Couceiro, Afonso Ribas e mais Pepe Carreiro- a idea de facermos un libriño cun feixe de textos meus, nos que facía a miña moi persoal semblanza ou evocación de persoas coas que eu tivera trato de amizade, ou camaradaxe, ou relación dalgún xeito discipular no decurso da miña vida -as máis delas infortunadamente idas xa deste estraño mundo noso. Foran escritos ocasionalmente ao longo dos anos dende hai máis de catro decenios, cáseque sempre suscitados por algún evento que os atinxía ou solicitados para algunha publicación dedicada a calquera deles. Na miña confusa memoria, eu coidaba que non pasarían de ducia e media ou así, de xeito que darían para o que dixeran, un libriño pequecho, unha sorte de recordatorio sentimental colectivo. Tiven sempre moi vivo na memoria o conmovedor *Libro dos amigos* de don Ramón Otero Pedraio -sí, con 'i', como asinaba el en cartas de outrora ao meu pai- mais só como referencia exemplar: non habería posíbel comparanza, claro é. Tamén as *Figuracións mesturadas* e mais os *Retratos de esguello*, de Luis Seoane, que conxugaban o gráfico co literario: tampouco posíbel de imitar por min, abofé.

O caso é que os meus compañeiros acolleron de inmediato a miña suxerencia coa xenerosidade e o entusiasmo que os identifica, e que é a fonte nutricia da abnegada enerxía altruísta coa que manteñen tan viva, en ousada singladura contra vento e maré destes adversos tempos de involución histórica, a nosa inxel Laiovento, lanchiña tan mariñeira coma unha dorna aventurada no mar de fóra. Así que decontado me puxen a apañar os textos. Primeiro neste chirimbolo caprichoso que é o meu ordenador, e a seguida tamén coa axuda da miña infalíbel Isabel, que tiña arquivados no seu os escritos antes de ter eu o meu propio. E axiña a nosa solpresa foi abraiante: o reconto

sumaba máis de tres ducias deses textos -e dándomolle ao beo da memoria aínda relembremos un feixe máis deles que compriría localizar e repescar en publicacións ben anteriores a dispormos de ordenador nin ela nin eu. Naturalmente, desistin de facer, ou facermos, polo de agora semellante pelerinaxe de esculca en edicións lonxanas no pasado.

No entanto, cando Pepe me informou da dimensión do libro que darían os textos arquivados, considerei que resultaría disuasoria para o público lector, e portanto ruínosa para a editorial a súa publicación por xunto. Suxerín daquela facermos de primeiras unha escolma, e deixarmos para máis logo unha segunda entrega se a primeira resultara ter interese para os lectores. E nesas andabamos cando imprevistas circunstancias adversas me fixeron arrambar o proxecto, que ficou hibernado até que nesta primavera mudou o panorama e reativeino. Os meus compañeiros optaron por editar a presada completa deses textos, e daquela veleiquei vos van, expostos ao 'vintimperio'. Rotuleinos como *Retratos en fite*: ao cabo cedín á tentación de facer unha chiscadela en contrapunto, e conmovida relembanza, cos do meu admirado, benquerido e endexamáis esquecido Luis Seoane -ousadía pola que espero me perdoe no alén.

Por suxerencia do Carreiro, van dispostos en orde cronolóxica. Máis ou menos, ou sexa, non exacta nin segura. Si, porque á hora de ordealos dese xeito, resultou que en moitos deles non constaba a data da escrita ou da publicación, e tampouco me resultaba doado comprobalo por outros medios con certidume. Así que nalgúns casos só podo asegurar o ano, e noutros puiden errar ao datalos. Confío en que me disimuledes a imprecisión -que, ao cabo, tanto ten, non si?: non son unha crónica, nin eu pretendo ser cronista nin tan siquer da miña propia andaina pola vida. As protagonistas sonno as persoas retratadas, e elas están á marxe do tempo na miña memoria -e nela son perennes mentras eu viva. Benzóns!

Reboraina de Aguiar, día das letras do 2022

Adro. É noite na “Rive Gauche”

Un café á beira do Sena. Mesmo á par da “Shakespeare and Company” que hai oitenta anos ousara editar un libro maldito: o *Ulysse* de Joyce, o irlandés do exilio interior. Cai a noite na histórica *rive gauche* dos Nizan, Sartre e demais. Unha chamada telefónica ao meu “mancontro”: finalmente frustrouse o intento de logramos unha lista integradora cunha candidatura única ao consello nacional do BNG.

Os esforzos feitos e as enerxías gastadas para que ninguén poidese sentirse excluído, os chamamentos á práctica dun diálogo veraz para unha fórmula articuladora da ricaz diversidade interna, acaba de irse río abaixo nas augas do Sena que a caída da noite volve mouras como chapapote esluído en óleo.

Cavilo con sosego mentras sorbo o meu “panaché” de cervexa. Debo de renderme á evidencia de que tamén no BNG hai quen prefire dividir para manter os seus peculiares lindes que multiplicar cedendo algún ferrado para pór os seus bens nunha agra aberta común. Debo asumir que mesmo no BNG hai tamén algúns fillos de Marx e da Coca. Compiten polo reparto dun fraco poder no canto de combateren xuntos polo alumbramento e formación do “home novo” indispensábel para que se consolide, bote raigañas e deveña irreversible un proceso transformador da sociedade no que os seres humanos sexan irmáns solidarios na liberdade.

Entramentras, nestes mesmos días, eu somergullo outravolta no fascinante debate de ideas do Forum Social da alter-mundialización, na aprendizaxe recíproca da diversidade de identidades e prácticas que combaten en cadanseu eido pola transformación *radical* das condicións sociais e materiais de existencia do conxunto dos seres humanos deste planeta. Veñen eiquí en procura dun proxecto común que ninguén pode darlles feito, que só entre todos poden idear, fabricar e disfruitar. *Homo cogens*, *homo faber*, *homo ludens*, como nas variacións Golberg de J. S.

Bach. Como hai un ano en Florencia, hai dez meses en Porto Alegre, e mañá mesmo en Mumbai.

Sinto saudades do mozo que eu fora nesta mesma beira esquerda do Sena ao ollarme no espello dos rapaces e rapazas que estes días me arrodean e discuten nas sesións do Forum coarenta anos despois da miña propia aprendizaxe do que implica facerse home, ou sexa, membro consciente do xénero humano dende a propia identidade individual, social e nacionalitaria. Fálame, fálolles, conversamos, algúns mesmo recoñécenme, e eu recoñezome niles todos, pretos e loiros, africanos e europeos, latinos e xermánicos, eslavos e anglosaxóns, mediterráneos e atlánticos.

Tiña eu catro anos cando adendera as primeiras letras, e non máis de cinco ou seis cando meu pai me lera e dérame a lér “os rumorosos”. Agora, os “bós e xenerosos” andan escasos. Será que xa non lémos a Pondal. Ou será que é noite na *rive gauche* e as augas do Sena arrastan fuel.

Paris, outono do 2003

ÍNDICE

Nota limiar	7
Adro. É noite na “Rive Gauche”	9
Figuración sen mesturas de don Xesús Carro García.....	11
Bóveda refusilado	18
Isaac e nós.....	27
Os mestres da república: meu mestre Pereira.....	31
A “cámara clara” de Manolo Blanco.....	38
As nove décadas de J. L.....	43
Manolo Caamaño na xeira Comunal da Galiza.....	48
Pancho Pillado ou a forza da razón solidária	53
Brindis para o Lois Antón, compañeiro poeta.....	57
Gorka Agirre	59
In memoriam: Arrighi e Gowan en galego.....	64
Balada en re menor para Pepe Teixeira	69
Lembranza de Fernando Pereira	76
Camilo.....	79
Sonata cuase fantasía para Xosé Luis de Dios	84
Kirchner, ou o fin da impunidade.....	89
O ‘meu’ Paco del Riego.....	95
Prólogo pra Diego Ameixeiras	98
Lidia Senra e ‘as labregas’	108
Michael Löwy e as rebelións labregas.....	115
O meu Ricardo Carvalho Calero	121
Mariña.....	127
Martiño Noriega.....	128
Buciños in Scherzo	130
Paz Andrade en <i>Galicia como tarea</i>	135
Mar de Cáccamo.....	143

Gabanza e oración profana a don Ramón de Trasalba	155
Limiar Casás e Cáccamo	165
Figuración remota de Xaime Isla Couto.....	171
Instantánea en Polaroid con ‘Pepiño Teis’ cando novo	179
Rememoración de Carlos García Martínez, irmán.....	182
Paco Lores	187
Homenaxe a Xoana Torres.....	192
Don Ramón en 4 luzadas da (miña) memoria remota.....	194
Mario Orxales na miña lembranza	217
Valentin Arias no rego da miña vida.....	226
Hixinio e os raparigos no Parlamento	235
Justo Beramendi, galego por vontade.....	239